

M A I O

1- Busca no dicionario a palabra **SUFRAXIO**, que significa?, en que día do calendario aparece?. En 1924 reconécese en España o dereito ao sufraxio ás mulleres solteiras e viúvas, excluíndo ás mulleres casadas; saberías explicar por que se excluíu do voto a este último colectivo?

2- cita a unha muller que apareza neste mes e que fose defensora activa dos dereitos Humanos (DDHH). Confecciona un listado dos dereitos que pensas que deben de ter todas as persoas. Busca a través de Internet a Declaración Internacional dos Dereitos Humanos.

Coidas que se están a cumprir os dereitos humanos no mundo?, onde che parece que se cumpren e onde non?

3- Pensa nunha profesión que che guste, coñeces mulleres que a desempeñen? Cres que existe algunha profesión que non estea desempeñada por mulleres?. Busca datos a través de Internet para contrastar a túa resposta.

4- Cantas mulleres científicas encontras neste mes? Pensas que hai máis mulleres científicas ca homes? A que se podería deber?.

5- Onde se celebran a **Marcha Mundial das Mulleres Europeas** contra a Pobreza e a Violencia en 2004? (Buscao no calendario). Cita países onde actualmente se produzan situacións de pobreza e/ou violencia. Que podes facer para evitar estas situacións? Existe algún tipo de violencia que se exerza especificamente contra as mulleres?.

6- En que consiste a lapidación?, en que país ou países se localiza principalmente este procedemento? Explica o motivo polo que xustifican o castigo ás mulleres. Ves xusto o motivo? É casualidade que este tipo de castigo se aplique só a mulleres?.

7- cita algunhas modificacións concretas das situacións xurídicas das mulleres que se conseguiron en España coa reforma do Código civil en 1975 (Lei 14/75).



M A I O

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
	1936 A artista galega Maruxa Mallo pinta "Sorpreza do trigo"	1975 A lei 14/75 modifica a situación xurídica das mulleres casadas	As mulleres lapidadas, acusadas de delitos dos que elas eran as vítimas	1992 Nais de soldados serbios exixen o retorno dos seus fillos da fronte	1589 Maria Pita defende a cidade da Coruña sitiada por Drake e a armada inglesa	1891 Pasamento de Marlene Dietrich , actriz alemá
7	8	9	10	11	12	13
1748 Nace Olimpia de Gouges , autora de "Os dereitos da muller e da cidadá"	1919 Nace en Castelló Matilde Salvador Segarra , compositora e pianista	1977 Olivia Posse , ferida pola Garda Civil ao se opor á extracción de area en Baldaio	1780 Nace Angelica Catalani , soprano italiana	1960 Sae ao mercado a primeira píldora anticonceptiva	1910 Nace Dorothy Hodgkin . Premio Nobel de Química (1964)	1260 María Balteira , a máis afoutada das soldadeiras pero quizá tamén a máis aldraxada
14	15	16	17	18	19	20
1847 Falece Fanny Hensel Mendelssohn compositora alemá	1926 Celebrase o X Congreso da Alianza Internacional para o voto das mulleres	1718 Nace Mª Gaetana Agnesi , matemática. Estudos sobre tanxentes a curvas	1863 Rosalía de Castro publica "Cantares Gallegos", no futuro, Día das Letras Galegas	1944 Nace Celia Amorós . Teórica feminista. "Cara a unha crítica da razón patriarcal"	1995 Falece Concha Espina , escritora santanderina candidata ao Premio Nobel	1896 Pasamento de Clara Schumann , compositora e concertista austríaca
21	22	23	24	25	26	27
1944 Nace Mary Robinson . Presidenta da Rep. de Irlanda e defensora dos DDHH	1851 Nace Concepción Saiz Otero , escritora e pedagoga compostelá, "a mestra de todas"	2004 Marcha Mundial das Mulleres Europeas en Vigo "Contra a Pobreza e a Violencia"	Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme	Chus Lago , primeira muller en culminar a cima do Everest sen axuda de oxixeno	1689 Nace Wortley Montagu . Introduciu na Europa o uso da vacina da variola	1878 Nace Mª Jesús Alvarado Rivera , escritora peruana, xornalista e feminista
28	29	30	31			
1917 O Parlamento británico aproba a Lei de Sufraxio Feminino	1934 Nace Nancy Cárdenas , escritora mexicana	1431 Morte de Xoana de Arco , soldada francesa queimada viva pola Igrexa	1936 Mª Montoya Odri , melillense, alentou ás mulleres a loitar contra o fascismo			